

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Comisión, sobre a situación da atención aos abortos naturais na Sanidade Pública:**

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto ven de facer público o incumprimento dos mínimos esixidos na atención ás mulleres cun aborto no segundo trimestre da xestación. O colectivo denuncia que tras a indución do parto, as mulleres vense obrigadas a parir ao seu fillo ou filla morta sen a debida asistencia especializada e a miúdo no propio cuarto onde se atopan hospitalizadas.

Esta situación de por si inadmisíbel e moi dolorosa no psicolóxico, vese acompañada pola ausencia de anestesia que acompañe o proceso de parto. Unha situación incomprensíbel, canto máis se a isto lle sumamos que a denuncia feita pública traslada que en troques de prestar esta atención tense mesmo ofertado o desprazamento fora da nosa Comunidade Autónoma para poder recibila.

A realidade denunciada é arrepiante: mulleres que perderon á súa filla ou fillo obrigadas a parir morto, en soidade e soportando dores. Un trato inhumano que evidencia abandono das obrigas sanitarias da Xunta de Galicia e conculcación dos dereitos á saúde e á integridade física e moral das mulleres.

Esta situación evidencia un claro maltrato institucional, unha forma máis de violencia contra as mulleres ante a que a Xunta debería dar contas.

Sen embargo, a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto denuncia tamén que foi no verán de 2015, fai medio ano, cando puxeron esta denuncia en coñecemento da administración autonómica, sen recibir resposta algunha nin ter mudado a situación dende entón.

Este feito, parece deixar claro unha ausencia de interese nun asunto que é ao parecer de este grupo gravísimo e que podería estar a reproducirse, segundo testimonios de mulleres, noutros centros da rede pública.

Ante a gravidade dos feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** pregunta:

- 1.- Cal é o protocolo seguido na atención aos abortos no segundo trimestre de xestación no SERGAS?
- 2.- Cal é o motivo polo que hai mulleres que están parindo aos seus fetos mortos nunhas dependencias non axeitadas (habitación/baño) e sen persoal especializado para atendelas?
- 3.- Cal é o motivo polo que non se oferta anestesia epidural ou de outras índoles ás mulleres e os motivos para xustificar partos dolorosos físicamente?
- 4.- Cal é o número de centros onde se segue este procedemento (parto sen anestesia, sen persoal especializado,etc)?
- 5.- Cal é o motivo para ofertar a atención correcta fora da nosa CA e non facelo no SERGAS con medios suficientes e adecuados?
- 6.- Que valoración que fai a Xunta de Galicia sobre estes feitos que poderían considerarse de violencia contra as mulleres?
- 7.- Cal é o número de matronas existentes en cada centro hospitalario da rede pública e o número de partos e abortos atendidos en cada un de eles?
- 8.- Que medidas que vai tomar a Xunta de Galicia para resolver esta situación?

Compostela, 17 de febreiro de 2016



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/02/2016 11:05:37

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/02/2016 11:05:44

Anton Sánchez García na data 18/02/2016 11:05:48

Ramón Vázquez Díaz na data 18/02/2016 11:05:51

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/02/2016 11:05:53

Jose Javier Ron Fernandez na data 18/02/2016 11:05:56